

PEZA DO MES

marzo

2011



PINXANTE DE ARNÉS



PINXANTE DE ARNÉS

Nos clásicos dicionarios de termos artísticos defínese pinxante como adorno que colga da parte superior dunha fábrica e tamén como xoia ou peza de ouro, prata ou outro material que se trae colgando para adorno. Pero, co mesmo termo designase ademais a todos os adornos metálicos que forman parte do arnés do cabalo, e que tamén se coñecen coa voz de orixe árabe *jaez*.

Este tipo de pezas adoitaban ir colgadas das diferentes correaxes que compoñen a guarnición ou apeos das cabalerías, ou inseridos neles por medio de remaches. Segundo as referencias documentais coñecidas e as representacións artísticas da época que se conservan, irían colocadas nas cabezadas, o petral, os correaxes de diante e detrás do cabalo, e as cadeiras das cabalerías. En ocasións, os de menor tamaño usábanse en cetrería nas pexas dos falcóns e nos colares dos cans. Ademais de servir de adorno e como certificado de propiedade dunha familia concreta, eran portadores dun alto valor simbólico e de prestixio e, segundo a súa forma, atribuían unha perfección ou virtude a quen os levaba, no caso do cabalo, o vigor e a velocidade.

O uso de elementos metálicos para os arreos dos cabalos remóntase ao mundo antigo pero é durante a época medieval cando se converte nunha moda común en toda Europa e moi estendida polos reinos cristiáns peninsulares. Os talleres de Cataluña, Valencia, Aragón e Castela foron os centros de produción máis importantes da península. Paralelamente, o mundo árabe desenvolveu a súa

fabricación con características particulares, aínda que a influencia dos seus temas ornamentais nas pezas dos obradoiros cristiáns resulta evidente, como en tantas outras manifestacións artísticas.

A súa utilización e orixe é tan antiga como a domesticación do cabalo, podémola rastrexar en múltiples representacións de diferentes culturas. Son frecuentes na cultura Sasánida, en vasos gregos, en monumentos romanos, en marfís bizantinos, en beatos ou miniaturas, en fin, son moitas e significativas as referencias artísticas e literarias.

Os museos españois como o Arqueolóxico Nacional, o Museo Federic Marés ou o Museo Episcopal de Vic conservan magníficas coleccións comparables ás do Museo de Cluny en París. Non obstante, ao ser a maioría das pezas produto dun afán coleccionista moitas delas non teñen procedencia, e moito menos son o produto dunha escavación científica.

A peza que hoxe presentamos resulta moi interesante para fixar cronoloxías e contextualizalas, xa que foi atopada no transcurso da escavación levada a cabo por Alfredo Seara en 1987 con motivo da remodelación e acondicionamento para praza do solar das Burgas; lugar quente e agarimoso, onde, como as augas que afloran nun incesante manancial, agromou o xerme do que sería a cidade de Ourense. Segundo o director da escavación, o espazo explorado estaba bastante alterado, con todo puido establecer claramente varios horizontes culturais: un primeiro, composto por terras de recheo traídos doutras partes da cidade, e un segundo nivel, onde se engloban varios séculos de época medieval e moderna que proporcionou abundante cantidade de formas cerámicas decoradas con aplicacións con motivos dixitados e incisións tales como ondas ou incisións curtas, e varias moedas datadas entre os séculos XIII e XIV, e xunto a elas, no mesmo nivel, este fermoso pinxante realizado en cobre e recuberto con pan de ouro. Nel aparece, en forma de busto o retrato dun rei coroado e mirando á esquerda á maneira dos cornados de Sancho IV ou as dobras de 35 maravedís de Pedro I. O perfil do rostro e os trazos, así como o cabelo, a decoración da coroa e as roupaxes están conseguidos por medio de liñas incisas e punteados. Leva na parte inferior unha lenda en caracteres góticos que comeza cun signo en forma de corazón (símbolo de amor) e varias letras das que só puidemos descifrar catro, O O NA. Conserva restos da policromía vermella do esmalto nas partes refundidas e pasta vítrea de cor verde na bola que remata a coroa, e translúcida e ámbar nas liñas incisas que enmarcan a lenda. Como é usual neste tipo de pezas, a cara interna é totalmente lisa. Presenta, no extremo superior por riba da



coroa, unha prolongación en vertical cun burato central para poder colgalo.

Coñécense faleras e pinxantes de bronce de época romana procedentes de escavacións, pero os achados medievais son escasos. Temos noticias dun atopado no ano 2007 no depósito almohade de Puig de Sa Morisca en Mallorca ao parecer pertencente a un cabaleiro de Xaime I que debeu participar na conquista de Mallorca. O noso colgante pola súa riqueza e orixinalidade pensamos que tamén puido ser perdido por un importante cabaleiro, que de momento non sabemos identificar.

Como xa dixemos, foi ao longo de toda a Baixa Idade Media cando o seu uso se popularizou e demandou un tipo de produción máis ou menos en serie. Neste contexto de case industrialización os temas iconográficos serán moi variados, pero tamén recorrentes. A representación con escenas cuxo principal protagonista é a figura humana abarca unha temática moi ampla. Dende escenas profanas ata relixiosas. Os episodios de caza con mozos portando falcóns, os lances de cabalería, as damas namoradas na porta dunha torre ou aquelas outras onde a figura feminina, representada en actitude de arenga, admonición ou aviso, foi interpretada como a representación da Magna Mater, símbolo da patria, facendo referencia, nun contexto guerreiro, á fidelidade e a lealdade, están amplamente representadas. Os de temática relixiosa, non por comúns resultan menos interesantes. Son frecuentes os que teñen un anxo como tenante dun escudo, os da Anunciación co floreiro cos clásicos lirios ou a cruz de San Andrés. Tamén, como en outras manifestacións da arte gótica a epigrafía xogará un papel fundamental, non só de forma illada senón como elemento definitorio. Por unha banda, poden facer referencia, cando se usan iniciais ou anagramas a dama ou o cabaleiro propieta-

rio do cabalo o simplemente ser meras comparsas de acompañamento de outros elementos decorativos. Cando son de carácter relixioso o máis común é que apareza o anagrama de IHS, ou a salutación do ánxelus AVE MARIA. Outras veces, xa sexa polo deterioro da peza ou pola complexidade da frase resultan de difícil interpretación.

É tamén considerable o número de pezas con iconografía de animais, tanto illados como entre frondosos follaxes. Son numerosas as coleccións que teñen pezas con representación de aves, pombas afrontadas ou aguías con ás espraídas que poden representar o seu poder depredador ou ser simples evocacións da vida campestre. Os leóns, como símbolos de poder e soberanía, ou o can, como o mellor amigo do home, poden portar na boca una filacteria co lema LEAL SOY, ou ir acompañados por distintas lendas. Abondosos son tamén os temas heráldicos: castelos, divisas e cores. Estes elementos polo común perderon todo o seu significado e pasan a ser un mero elemento decorativo. Só cando as pezas responden a encargos de familias nobres que desexan deixar constancia do seu poder, os diferentes elementos recobran o seu verdadeiro significado, acentuado pola riqueza do material e calidade do cicelado.

Igual de ricas e variadas son as súas formas, tantas como imaxinación teña o demandante e o artífice: circulares, estrelados, lobulados, triangulares ou en crecente luar. Tanto nas formas coma nos temas e no xeito de tratalos é evidente o influxo oriental, mesturado na maioría das ocasións con elementos propios do gótico. O mesmo que nos marfís e moedas medievais os elementos decorativos aparecen enmarcados por círculos festonados, glabetes, orlas e arquitecturas góticas.


A maioría destas pezas están realizadas en cobre sobredourado ou na súa cor natural, deixando o reverso sen decorar; pero para os máis ricos *jaeces* podíanse utilizar prata, ouro e mesmo pedras preciosas como queda reflectido na *Crónica Incompleta del reinado de Fernando I* de Aragón que di...” y el otro a caballo, a la gineta, con un jaez tan rico que las encaladas y estriberas... en todo de oro de martiño...”. Os instrumentos empregados na súa decoración son o buril e o cicel. En ocasións enriquecéanse con esmaltes aplicados co procedemento do escavado con ricos cores. O caso era embelecer e personalizar o cabalo, nun mundo onde a figura deste animal levou a un rei a desexar cambiar o seu reino por un cabalo.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Ana María Veiga Romero.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río, Ana María Veiga.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

XUNTA DE GALICIA